

8. CENTRAL DE SIMULACIÓN MÉDICA AVANZADA

Desenvolvemento dunha contorna de traballo dotada de **software e simuladores robóticos de paciente** altamente sofisticados, que permitan o adestramento dos profesionais sanitarios.

O obxectivo é a adquisición de novas habilidades e competencias e a **realización de prácticas con pacientes non reais** antes da súa aplicación no escenario asistencial real, minimizando así o risco de cometer erros. O sistema permite **centralizar a programación das actividades formativas e os seus resultados**.

As probas piloto foron realizadas nas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXI) de **Vigo e Lugo-Monforte-Cervo**.